

## XORNADAS SOBRE A LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA

(Vigo, 3 e 4 de maio de 2000)

Ana María Giráldez Riveiro

Bolseira da EGAP

Nas instalacións do Colexio de Avogados de Vigo tiveron lugar, os días 3 e 4 de maio de 2000, unhas xornadas sobre a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia<sup>1</sup>. Nas ditas xornadas, e como continuación do debate iniciado o pasado ano na sede da EGAP, en Santiago de Compostela, tratáronse os aspectos máis interesantes da mencionada lei. Analizar e interpretar, dende a perspectiva xurí-

<sup>1</sup> Tal e como indica a exposición de motivos da lei, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia. Promulgouse así a primeira lei de cooperativas na nosa Comunidade axustada ás especificidades propias delas e adaptada ás estruturas económicas actuais, coa finalidade de que lles permita desenvolverse económica e empresarialmente e contribúa eficazmente á súa dinamización. A análise da realidade das cooperativas galegas evidencia o peso desta forma empresarial de organización e ordenación dos recursos e a súa destacada importancia na estrutura socioeconómica de Galicia. Por todo isto, a EGAP, sumouse ó debate suscitado arredor da nova lei e organizou varias xornadas en diferentes puntos da xeografía galega. O inicio tivo lugar na sede da EGAP en Santiago de Compostela, os días 29 e 30 de novembro de 1999, para logo continuar na Coruña os días 5 e 6 de abril de 2000, en Vigo os días 3 e 4 de maio (xornada que estamos a relatar), en Lugo os días 9 e 10 de maio, en Pontevedra o 15 de maio e finalmente en Ourense o día 30 de maio de 2000. Nestas xornadas deuse cumprida conta de tódolos aspectos máis novos relacionados coa Lei de cooperativas de Galicia.

dica, o réxime das cooperativas sometidas á lei galega para promove-lo seu coñecemento e facilitárlle-la súa constitución ós empresarios e ós consumidores galegos, como técnica alternativa de organización da empresa social, foron os obxectivos principais das xornadas.

### ■ Mércores, 3 de maio

*Inauguración das xornadas a cargo de Antonio Romero Lorenzo, xuíz-decano do Colexio de Avogados de Vigo e Domingo Bello Janeiro, director da EGAP*

O xuíz-decano de Vigo agradeceulle á EGAP por un lado a posibilidade de pórse en contacto coas reformas legais máis importantes que atanguen o cooperativismo e polo outro a oportunidade de recuperar antigos profesores que colaboraron na Facultade de Económicas da Universidade de Vigo.

Pola súa parte, o director da EGAP destacou a oportunidade de tratar un tema de vital importancia para o desenvolvemento económico de Galicia como é o cooperativismo. Seguidamente apuntou como un dos principais retos das sociedades cooperativas galegas o de intentar superalo limiar que lles permita situarse competitivamente na estrutura empresarial que lles corresponde no mercado e dende logo a procura da súa eficacia e concentración. Neste sentido a Lei de cooperativas de Galicia tenta reforza-lo carácter empresarial destas e a súa concorrencia entendéndooas como instrumentos eficaces de cara á creación de riqueza e xeración de emprego nos seus aspectos tanto cuantitativos coma cualitativos, cunha importancia destacada na redistribución dos recursos e na prestación de servizos de natureza social.

A lei está adaptada á realidade galega o que se evidencia na regulación dalgunha clase de cooperativas como é o caso das cooperativas de explotación de recursos acuícolas de singular relevancia para a cidade de Vigo.

Finalmente, subliñou a importancia de carácter económico e social das cooperativas que implican en Galicia a máis de mil persoas cunha porcentaxe de negocio no seu volume productivo superior ós dous mil millóns de pesetas.

Intervención de José Luís Río Barro, catedrático de dereito mercantil da Universidade da Coruña: «Consideracións xerais sobre a sociedade cooperativa no marco da Lei galega 5/1998».

Ó profesor Río Barro correspondeulle falar da característica básica da sociedade cooperativa galega no marco da Lei de cooperativas de Galicia 5/1998, en diante LCG. Para describi-las consideracións xerais da sociedade cooperativa no marco desta lei é indispensable, na opinión do relator, tratar de poñer-la lexislación galega en relación coa lexislación estatal

e autonómica doutras comunidades autónomas. En segundo lugar procede facer un intento de coñecer mellor a realidade das sociedades cooperativas pois iso é o que determina a posibilidade de vulgar tanto a lexislación vixente coma a que xa é historia.

A orixe da sociedade cooperativa sitúase a mediados do século XIX. Xorden en Gran Bretaña, nunha zona industrial próxima a Manchester, onde agroma un intento de defensa das clases economicamente menos favorecidas para sobrevivir. A fórmula consistía basicamente en cooperativas de consumo e tratábase de que os obreiros que pertencían á industria téxtil podían agruparse nunha unión societaria para conseguir eliminarlos intermediarios e así acadar prezos de adquisición dos produtos máis baixos. Era un agrupamento voluntario de persoas físicas, de consumidores, de usuarios e máis tarde de produtores. Este agrupamento de persoas facíanlles fronte ós patróns e ós comerciantes o que marcaba precisamente a orientación de tipo social que tiña. Estas fortes implicacións de tipo político que permitían falar mesmo de irmandades, de vinculación do movemento obreiro, produciron no plano político e lexislativo un certo receo. Esta agrupación inicial de persoas físicas tiña tamén un marcado carácter antiespeculativo, os investimentos que fan os socios non tiñan por obxectivo acadar abertamente uns beneficios repartibles senón que tiñan un xeito distinto de repartición cando se producen, e en todo caso, esta fórmula antiespeculativa quere dicir que o capital é variable, é dicir, hai porta aberta ós socios e existe unha autoxestión. A súa actividade baseábase nun aspecto mutualístico de tal xeito que o socio é usuario da cooperativa. Polo tanto a cooperativa realiza a actividade cos socios e non con terceiros. Esta situación de dobre condición de socio e usuario fai que a participación na sociedade cooperativa teña moita intensidade. É polo tanto unha sociedade moi participativa onde se configura o voto por persoa e non polas achegas económicas, igualmente o retorno cooperativo<sup>2</sup> non depende destas achegas económicas.

É un novo tipo de sociedade con características específicas e que se distancia das sociedades tradicionais personalistas consideradas polo lexislador ata ese momento. A irrepertibilidade dos fondos sociais obrigatorios é outra das características da súa denominación antiespeculativa.

O que si está claro, apuntou o relator, é que a sociedade cooperativa non pasa a ser un ente benéfico senón que busca rendementos, é unha

---

<sup>2</sup> Como ben aclarou o relator, trátase dunha fórmula específica de repartición dos beneficios que consiste en que cando se produce unha discordancia entre o cálculo dos custos xerais de funcionamento e o prezo fixado pola cooperativa, reintégraselles ós socios ese retorno cooperativo, non é un dividendo senón que está en función das actividades despregadas pola cooperativa; é polo tanto un xeito especial de repartición de ganancias pero nunca estará en función do capital achegado.

organización empresarial que pretende ter éxito no mercado e polo tanto o que busca é vantaxes e satisfacer esas vantaxes. O que non resulta totalmente evidente é o seu afán de lucro pero existe nun sentido amplo.

Estas sociedades cooperativas non implicaban nun primeiro momento grandes investimentos e destacaban nos sectores agrícolas, artesanal, pesqueiro, máis tarde o sector servicios e hoxe calquera sector. Como única excepción estarían as actividades reservadas por lei a outras formas de organización societaria. Foi tamén a sociedade cooperativa un factor de mobilidade social polo grao de participación que ofrecía e de equilibrio entre empresario e traballador. Por outra parte hai tamén un aspecto que convén resaltar: a vocación que senten tódalas cooperativas de estendér-lle-los beneficios non só ós socios integrantes destas senón tamén a outros membros de igual categoría social o que produce unha concordancia de intereses privados e de intereses públicos, isto permite e permitirá no futuro unha combinación de actuación de entes privados e públicos. Prodúcese, en consecuencia, un indicio de que pode ter un bo encaixe coas novas orientacións da política económica e social, de transformación do capitalismo tradicional, de incorporación das tendencias á socialización que existe no mercado, á protección dos dereitos dos consumidores, etc. Estes obxectivos hoxe mantéñense en grandes liñas, pero a loita no mercado obriga á adopción de medidas específicas e que nalgunhas ocasións viñeron contradicir estes aspectos iniciais. Con estas modificacións vanse atenuando progresivamente as diferencias entre as sociedades cooperativas e as sociedades capitalistas tradicionais. Os principios cooperativos iniciais fóronse limando na busca dun necesario equilibrio entre o aspecto social e o económico. Na opinión do relator, foi a necesidade de supervivencia no mercado o que fixo que estes principios clásicos se modificasen. Esta fórmula de adaptarlle-los principios clásicos cooperativos ás necesidades do mercado convén distinguila doutros casos onde se observa unha dexeneración dos principios clásicos nos que se baseaban as cooperativas, referiuse en concreto á situación das sociedades cooperativas aparentes que manteñen a aparencia de cooperativa pero que encobren sociedades baseadas no capital que aproveita así as vantaxes xurídicas desta figura. Para evitar estes casos é preciso un control externo. Isto non significa unha intromisión política senón que se trata dunha «intromisión» técnica. Esta «intromisión» deber ir máis pola creación de servicios de asistencia e promoción das cooperativas, de formación de dirixentes, de abrir liñas de crédito, de garanti-los dereitos e os intereses de terceiros no tráfico económico e garanti-lo propio tráfico económico. É necesario configurar órganos de control e fiscalización de forma axeitada, e non tanto procurar unha protección excesiva desta figura.

O Código de comercio de 1885 non regula a sociedade cooperativa pero si a considera para excluílas como sociedades mercantís. Para o le-

xislador do século pasado a sociedade cooperativa non pode considerarse como mercantil xa que carece de afán de lucro. Estas razóns, xustificables no marco histórico no que xurdiron, non son hoxe convincentes segundo a maioría da doutrina xa que a especulación non é un elemento determinante de mercantilidade. Por outro lado, non se require o ánimo de lucro *estricto sensu* para que haxa sociedade mercantil senón que abondaría con que *latu sensu* se obtivesen vantaxes de tipo económico.

O que está claro, puntualizou o relator, é que as sociedades cooperativas teñen e tiveron sempre un sentido fundamentalmente económico, porque a verdadeira diferenca cun socio dunha sociedade capitalista non está na renuncia a obter beneficios por parte da sociedade cooperativa senón no criterio con que tratan de obtelo e sobre todo na forma de repartilos.

Esta situación legal produciu o abandono por parte da lexislación mercantil e da doutrina mercantilista. Este abandono deixa a cooperativa no plano das sociedades civís ou mesmo das asociacións.

Coa Lei de 1942, primeira lei de cooperativas, e o seu Regulamento de 1943, aparece no ordenamento xurídico español unha regulación específica de cooperativas. Na opinión do relator esta normativa presentaba certos defectos que non melloraron moito a regulación desta institución. En primeiro lugar, o artigo 1º do Regulamento de 1943 elimina unha vez máis o lucro mercantil polo que segue en dúbida a súa cualificación como entidade mercantil. En segundo lugar era unha lexislación anárquica, fragmentada, defectuosa e con problemas de interpretación moi graves.

Co Regulamento de 1971 ábrese unha nova etapa na regulación do movemento cooperativo. Este regulamento mellora a técnica xurídica e a fórmula de estruturación da sociedade cooperativa así como regula máis axeitadamente a posición xurídica do socio, as súas achegas ó capital social, o seu dereito á información e atenúase a dependencia da organización sindical.

Tres anos máis tarde na Lei xeral de cooperativas de 1974 apréciase unha melloría notable na técnica xurídica, incorpóranse normas de dereito societario moderno na procura dunha aproximación á sociedade mercantil.

A Constitución de 1978 no seu artigo 129.2 obriga os poderes públicos a *promoveren eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentarán, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas*. Pero a propia Constitución á hora de delimita-la competencia lexislativa do Estado e das comunidades autónomas non lles fai mención expresa ás cooperativas o que deu lugar a que os estatutos de autonomía vasco, catalán, valenciano, andaluz, navarro e balear se apresurasen a establecer-la competencia exclusiva nesta materia. Hoxe en día tódalas comunidades autónomas teñen asumida a competencia exclusiva neste eido.

O relator continuou apuntando que aínda hoxe en día as sociedades cooperativas non teñen a consideración de sociedade mercantil, polo menos de xeito claro, pois se realmente a tiveran non habería competencias para as comunidades autónomas. Este feito, na opinión do relator, non pode ser atrasado por máis tempo xa que implica dende o plano lexislativo unha situación moi dubidosa.

A lexislación autonómica que segue o precepto constitucional adiántase nalgúns casos á estatal co resultado de dez leis de cooperativas cunha normativa moi similar. Este procedemento, en opinión do profesor Río Barro, é equivocado sendo máis axeitado unha lei marco e revisións posteriores cunha regulamentación específica por cada comunidade autónoma. Hoxe, a lexislación estatal ten só carácter supletorio. Inverteuse a orde lóxica co resultado de «policromía lexislativa aparente».

Por outra parte e en relación coa lei galega, produciuse unha discriminación inicial para Galicia pois o artigo 28.7 do Estatuto galego prevía o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de cooperativas ata que a Lei orgánica do 27 de decembro de 1995 deulle a competencia exclusiva neste ámbito pero que tivo que esperar ata 1998.

Neste punto, pregúntase o profesor Río Barro se procede agora a harmonización de todas estas leis autonómicas nun esforzo de aproximación, ó seu modo de ver necesario.

Xa para remata-la súa intervención insistiu en que a cooperativa segue a ser a día de hoxe materia non mercantil e o problema non queda suficientemente resolto no dereito positivo. Dende a súa perspectiva só unha concepción estrictamente capitalista do dereito mercantil pode negarlle o estatuto xurídico de empresa mercantil á sociedade cooperativa. O dereito mercantil non vai desvirtua-la esencia da cooperativa e á inversa. Na súa opinión, o grao de complexidade organizativa debe se-lo criterio que a determine como sociedade mercantil e non o afán de lucro. O importante para as sociedades cooperativas é introducir, no plano lexislativo, unha maior flexibilidade no réxime económico fronte ó pretendido purismo ético do cooperativismo tradicional.

*Intervención de don Anxo Tato Plaza, profesor de dereito mercantil da Universidade de Vigo: «Constitución e organización da sociedade cooperativa».*

O profesor Tato Plaza comezou a súa exposición explicando as diferentes modalidades de constitución dunha sociedade cooperativa. Así, a LCG considera dúas modalidades de cara á constitución da sociedade cooperativa, a *fundación simultánea* e a *fundación sucesiva*. A primeira caracterízase pola unidade de acto, é dicir, tódolos fundadores, nun único

acto, concorren ó outorgamento da escritura pública de constitución e inscriben posteriormente esta escritura no rexistro competente. Pola súa banda, a fundación sucesiva caracterízase pola realización, con carácter previo ó outorgamento da escritura, dunha asemblea constituínte integrada polos promotores da sociedade onde se deliberará sobre todos aqueles extremos que resulten necesarios para o outorgamento da escritura pública de constitución. Ademais, deberá adoptar, como mínimo, os tres seguintes acordos: o acordo de aprobación dos estatutos da cooperativa; o acordo de designación das persoas que van outorga-la escritura pública de constitución e o acordo de aprobación da valoración das achegas non relativas ó diñeiro.

Tanto nun caso coma noutro, lembrou o profesor, toda sociedade cooperativa deberá ser constituída mediante escritura pública que ten que ser inscrita no rexistro de cooperativas competente. A escritura pública deberá así mesmo incluí-las mencións mínimas que prevé o art. 16 da LCG. Neste punto o relator quixo destacar por encima doutras unha mención obrigatoria como son os estatutos da cooperativa, á súa vez estes estatutos deben recolle-las mencións mínimas obrigatorias que establece o art. 14 da LCG:

■ Denominación social (art. 3).

■ Domicilio social.

■ O obxecto social. Na sociedade cooperativa galega a correcta delimitación do obxecto social segue a conservar parte da súa importancia, pois predetermina a clasificación da correspondente cooperativa e polo tanto, o réxime xurídico específico que lle resultará aplicable á sociedade. Pero o obxecto social non predetermina o ámbito de representación dos administradores.

■ O capital social mínimo. Ó respecto, o relator sinalou que a fixación dun capital social mínimo, que non poderá ser inferior a cincocentas mil pesetas, representa unha das principais novidades da LCG. O profesor Tato Plaza nega con rotundidade que o establecemento dun capital social mínimo legal poida actuar como garantía fronte a terceiros. Nese punto esquece que para unha adecuada protección dos intereses dos terceiros acredores, son precisas posteriores medidas que vaian máis alá do simple establecemento dun capital social mínimo legal. A inexistencia dun dereito de oposición dos acredores sociais fronte á redución da cifra do capital social mínimo provoca que carezan de relevancia outras medidas que si prevé o texto legal.

Á marxe destas mencións obrigatorias, os estatutos poderán regular e desenvolver calquera outra materia que os fundadores ou promotores da cooperativa teñan por conveniente. Na opinión do profesor, esta opción pode ser necesaria xa que lles achega un certo grao de personificación ós

estatutos da cooperativa. Deben se-los propios estatutos da cooperativa os que adapten esta ás necesidades e características propias da cooperativa que se pretende constituír.

Por todo isto o relator propón por un lado, fuxir da tendencia a utilizar formularios uniformados e polo outro, rexeitar calquera pretensión de exhaustividade no momento da elaboración dos estatutos da cooperativa posto que os estatutos, segundo dispón o art. 14 da LCG, poden ser desenvolvidos a través do regulamento de réxime interno da cooperativa.

A escritura pública deberá ser inscrita posteriormente no rexistro de cooperativas competente. O art. 97 e seguintes da LCG consideran a existencia dun rexistro central de cooperativas e de distintos rexistros provinciais. No Rexistro Central de Cooperativas deberán inscribirse aquelas cooperativas con ámbito superior a unha provincia, ademais das cooperativas de crédito, de seguros e as cooperativas de segundo grao. Nos rexistros provinciais, será onde se inscriban as cooperativas que non conten cun ámbito de actuación supraprovincial. A inscrición supón o nacemento no tráfico da sociedade cooperativa, é dicir, a adquisición por parte desta de plena personalidade xurídica. Supón tamén, por conseguinte, a fin do proceso de constitución.

Despois de analiza-lo réxime xurídico da constitución da cooperativa o profesor Tato Plaza detívose no estudio do réxime xurídico dos órganos sociais da cooperativa que a LCG establece. A regulación dos órganos sociais da cooperativa constitúe unha das bases fundamentais de toda lei de cooperativas. Ó respecto o réxime xurídico dos órganos sociais debería tender a un necesario equilibrio entre eficacia e democracia. A innegable necesidade de converte-las cooperativas en empresas competitivas, sen embargo, tampouco debería levarnos a esquece-la esencia daquelas cooperativas como sociedades democráticas, é dicir, son organizacións xestionadas democraticamente polos socios, os cales participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións.

Esta tensión entre democracia interna e concorrencia externa, provoca que sexa no ámbito dos órganos sociais onde se lle establece un dos maiores desafíos ó lexislador, desafío que consiste en axuntar doutrina e técnica.

Neste aspecto o lexislador galego decantouse pola eficacia, así o manifesta co obxectivo de reforza-lo carácter empresarial das cooperativas. Isto provoca unha tendencia a profesionaliza-los órganos sociais e unha marcada inclinación a definir e delimita-las competencias dos distintos órganos, co fin de evita-la distorsión que ata agora existía no desenvolvemento daqueles órganos. Da profesionalización dos órganos sociais dérvase unha das principais novidades que introduce a LCG, e probablemente tamén unha das medidas máis polémicas: a posibilidade que abre o novo texto legal de que actúen como administradores (art. 44) ou interventores (art. 53) da cooperativa persoas que non posúen a condición



de socios. Esta medida atopou a oposición dun importante sector do movemento cooperativo, pero segundo a perspectiva do relator a medida merece unha valoración inicial positiva, posto que os socios da cooperativa non sempre contan cos coñecementos técnicos necesarios para a adecuada xestión do tráfico ordinario da cooperativa. A posibilidade de que se nomee como administradores persoas que non posúan a condición de socios abre a porta ó ingreso no Consello Rector de técnicos que poidan achegarlle á xestión cooperativa os coñecementos especializados necesarios. En calquera caso, as persoas non socias non poderán exceder do 25% do total de membros do consello.

Con referencia á regulación dos órganos sociais, a LCG, achega poucas novidades respecto ós antecedentes xa coñecidos. Así, a lei diseña unha estrutura interna na que existen uns órganos necesarios (Asemblea xeral, o órgano de administración e os interventores), uns órganos voluntarios ou facultativos (Consello Rector) e, finalmente uns órganos eventuais (letrado asesor).

A Asemblea xeral (art. 30) configúrase como o órgano supremo de expresión da vontade social. Correspóndelle a aprobación do plan empresarial da cooperativa, a adopción das decisións máis transcendentales para a vida daquela, o nomeamento e revogación dos administradores, o exame da xestión social, a aprobación das contas anuais e da distribución dos resultados, a aprobación do regulamento de réxime interno da cooperativa, etc.

O órgano de administración configúrase como un órgano de goberno, xestión e representación da sociedade. Pódese optar por un administrador único naquelas cooperativas que contan con menos de dez socios mentres que no resto dos casos é obrigatoria a figura do Consello Rector, órgano que contará cun mínimo de tres membros e cunha composición e estrutura, máis alá deste requisito mínimo, que deberá figurar nos estatutos. Ó Consello Rector, órgano colexiado, correspóndelle o goberno da cooperativa e a xestión do tráfico económico ordinario e a representación desta (art. 42). A LCG opta por conceder-lle a facultade de executa-la representación da sociedade ó presidente do consello. Na opinión do relator, esta fórmula é criticable pois a lei nin esixe que o presidente acredite sempre que actúa en execución dun acordo do Consello Rector, nin lle concede ó presidente facultades ilimitadas que lle permitan comprometer irremediabilmente a cooperativa sen asumir ningún tipo de responsabilidade.

Os interventores configúranse como o terceiro órgano necesario da cooperativa cunhas competencias ampliadas, de xeito que seguen a ser un órgano de censura contable, de vixilancia e de control.

Asemblea xeral, Consello Rector e interventores, son os tres elementos sobre os que necesariamente debe pivota-la estrutura interna da coope-

rativa. Esta poderá contar tamén cun comité de recursos que resolva os recursos que interpoñan os socios fronte ás sancións impostas polo Consello Rector. Xunto a este órgano voluntario existe tamén un órgano eventual, o letrado asesor. A súa presenza só resulta necesaria ou obrigatoria naquelas cooperativas que veñan obrigadas a realizar auditoría externa de contas. Nestes casos o letrado asesor deberá dictaminar se son conformes ou non a dereito os acordos polos distintos órganos sociais que sexan inscribibles en calquera rexistro público.

*Intervención de don Manuel José Vázquez Pena, profesor de dereito mercantil da Universidade da Coruña: «As cooperativas de segundo grao e outras formas de colaboración económica».*

A intervención do profesor Vázquez Pena, centrouse no estudo dos artigos 130 e 131 da LCG dedicándose preferentemente ás cooperativas de segundo e ulterior grao –destino natural, en canto forma de organización–, da maior parte dos procesos de integración cooperativa.

De acordo coa LCG pódense defini-las cooperativas de segundo grao como as sociedades cooperativas que integran cooperativas da mesma ou distinta clase e con certas limitacións a outras persoas xurídicas ou privadas co obxecto de promover, coordinar e desenvolver fins económicos comúns así como reforzar ou integra-la súa actividade económica.

O artigo 130 apartado 8º traza o marco xurídico aplicable a estas cooperativas: *No que non estea expresamente previsto nesta sección as sociedades cooperativas de segundo grao rexeranse pola regulación de carácter xeral desta lei en todo aquilo que lle resulte aplicable.* Parece lóxico, na opinión do relator, que o lexislador remita en primeiro lugar ó artigo 130 pois é o único que se dedica especificamente ás cooperativas de segundo grao. Pero ó longo do articulado da LCG descóbreanse referencias máis ou menos precisas a estas cooperativas (art. 7, 18, 21. etc). A regulación de carácter xeral é unicamente o capítulo 1º do título 1º que ten por nome disposicións xerais. Isto quere dicir que ás cooperativas de segundo e ulterior grao lles aplicaríamo-lo artigo 130 e os artigos 1 a 10 da LCG.

- Esta remisión do regulador pódese interpretar de dúas formas:
- Potencia-la autorregulación.
- Atende-la estrutura subxectiva sectorial da cooperativa de segundo grao, é dicir, qué clase de cooperativas a compoñen, se son da mesma clase aplicaráselle as mesmas normas da cooperativa que se trate, se pola contra, son de distinta clase debe aplicárselle o réxime xurídico das cooperativas de servizos<sup>3</sup>.

<sup>3</sup> O profesor Vázquez Pena entende que a definición desta modalidade de cooperativa (cooperativa de servizos) que ofrece o artigo 115.(1 e (2, garda certa similitude coa que ofrece o artigo 130 para as cooperativas de segundo grao.

O profesor Vázquez Pena decántase pola segunda interpretación, xa que a autorregulación deixaría determinados aspectos das cooperativas sen solución. Ó respecto o lexislador galego debe ser criticado porque se mantén nesta idea a pesar de ser coñecedor dos problemas que establecían normas similares noutros ámbitos territoriais.

O relator, despois desta parte introductoria limitouse a sinalar as especialidades que a regulación das cooperativas de segundo grao establece:

1. Especialidades respecto dos socios. Neste punto analizou dúas cuestións:

a) En canto ó momento constitutivo o artigo 7.2 esixe que as cooperativas de segundo grao estean integradas polo menos por dous socios. Hai, como vemos, unha especialidade respecto ó réxime xeral que fala de catro socios como mínimo. Estes dous socios deben ser cooperativas, non cabe outra posibilidade.

b) Respecto a qué persoas deben ser socios, a LCG segue unha liña claramente aperturista porque se permite que das cooperativas de segundo grao formen parte outras persoas xurídicas públicas ou privadas (art. 130.1) con certas limitacións.

2. Especialidades respecto ó réxime xurídico da Asemblea xeral:

a) En canto á representación de cada persoa xurídica socio. A representación neste caso correspóndelle á persoa que teña a súa representación legal (art. 130.3), se non é unha sociedade cooperativa atérmomos ó seu réxime xurídico e se é unha sociedade cooperativa (art. 27.2) a súa representación correspóndelle ó seu presidente. O problema xorde porque o artigo 130.3 permite que a representación das persoas xurídicas nas asembleas xerais corresponda a outro dos seus socios designado para o efecto e para asemblea polo seu órgano de administración. O problema é que non se sabe moi ben se estamos ante unha representación alternativa ou se ese outro socio é un representante adicional ó presidente da cooperativa ou ó que corresponda<sup>4</sup>. O estatuto debe precisar ante qué tipo de representación estamos.

b) En canto ó exercicio do dereito de voto, na LCG instáurase a regra paritaria en materia de dereito de sufraxio, é dicir, cada socio un voto. O que sucede é que non se aplica rigorosamente senón que se pode optar entre este sistema e un sistema proporcional. Así o artigo 130.6 permite a existencia dun voto plural nas cooperativas de segundo e ulterior grao. Na opinión do relator si se deben incluí-los votos dos

<sup>4</sup> O tema solucionouse na Lei de cooperativas estatal onde a través dunha emenda aprobada no Senado permítese a representación plural.

socios de traballo. Este voto plural pode ser exercido polos socios usuarios e se é o caso polos socios excedentes (art. 28). Tamén os socios colaboradores poderán exercer este voto plural. Os criterios de proporcionalidade son, o número de socios que integra a persoa xurídica asociada e o volume de actividade cooperativa desenvolta pola cooperativa. Neste punto, sinalou o relator a importancia de que os estatutos sinalen coa máxima precisión cales son os criterios de proporcionalidade.

3. Especialidades que establece a elección dos membros do Consello Rector, dos interventores, do Comité de Recursos e dos liquidadores. A LCG establece que a súa elección corresponderalle á Asemblea xeral entre os seus socios. Neste apartado preséntanse interesantes cuestións dende o punto de vista xurídico. En primeiro lugar se cabe un administrador único e un único interventor nas sociedades cooperativas de segundo grao. Na opinión do profesor Vázquez Pena, non cabe un administrador único neste tipo de cooperativas. De acordo co artigo 41 o administrador único debe ser unha persoa física socia e no caso das cooperativas de segundo grao a única persoa física socia é o socio traballador cunha existencia que pode non estar prevista nos estatutos. Máis dubidosa é a posible existencia dun interventor único, o profesor pensa que non existe razón xurídica suficiente que impida a presenza dun único interventor.

4. Especialidades respecto da disolución e liquidación das cooperativas de segundo e ulterior grao. O parágrafo 1º do número 7 do artigo 130 contén unha regra especial respecto da liquidación do patrimonio das sociedades cooperativas. Neste artigo establécese que o haber líquido resultante distribúese entre os socios en proporción ó importe do retorno percibido nos últimos cinco anos con efecto dende a súa constitución. Neste punto o lexislador non cae na conta de que xa non tódolos socios teñen que ser cooperativas, ó respecto temos que distinguir, por un lado, entre destino dos fondos e destino do haber líquido resultante polo outro. Así, os fondos van ós fondos de igual natureza dos socios que sexan sociedade cooperativa. O fondo de educación e promoción cooperativa vai tamén ó fondo de igual natureza dos socios que sexan sociedade cooperativa xa que este fondo debe atender, entre outros fins, o da promoción das relacións intercooperativas. O resto do haber líquido resultante xa se lles transmite tamén ás persoas xurídico-socio de natureza non cooperativa. O relator seguindo a maioría da doutrina opina que non hai que interpretar de xeito tan literal o precepto senón que aposta por unha interpretación máis flexible.

Finalmente, respecto a outras formas de colaboración económica, o artigo 131 é un reflexo do principio de cooperación entre cooperativas

con algunha matización. Por un lado é unha norma de contido moi amplo e polo outro os fins concretos e determinados que se perseguen deben vincularse necesariamente coa satisfacción directa das necesidades dos socios da cooperativa, soster outra cousa sería rompe-lo propio concepto de sociedade cooperativa.

*Intervención de don José García-Pita y Lastres, catedrático de dereito mercantil da Universidade da Coruña: «As cooperativas de crédito e de seguros».*

Ó profesor García-Pita y Lastres correspondeulle discutir sobre as cooperativas máis especiais que se recollen na LCG, as cooperativas de crédito e de seguros. Na LCG aparecen reguladas nos artigos 127 e 128, dous artigos únicos cada un deles integrantes dunha sección que esconde, sen embargo, a tremenda complexidade dun vasto conxunto de normas do dereito bancario e do dereito do seguro privado.

A importancia cuantitativa destas entidades podería ser hoxe máis que dubidosa, de feito en Galicia unicamente existe unha cooperativa de crédito<sup>5</sup>. Ó seu modo de entender, trátase de alternativas que o lexislador ofrece para darlle cumprimento ó artigo 129.2 da Constitución española. No ámbito bancario e de seguros o predominio masivo da sociedade anónima está máis alá de toda dúbida polas súas características de ánimo lucrativo, fácil transmisión das cotas de socios, etc. Pero tamén no ámbito dos seguros a cooperativa ten un serio competidor que pretende apropiarse do sector no que esta debería moverse, sector das entidades de carácter mutualista, nas que existe unha conexión entre o suxeito que proporciona os servizos e os destinatarios deses servizos. A razón do desprazamento da cooperativa pola mutua de seguros reside en que nesta última existe unha maior tendencia á distribución de beneficios ca nas cooperativas. A pesar de todo, as cooperativas teñen unha presenza continuada na lexislación estatal e autonómica. Esta presenza presenta un problema, o da natureza híbrida destas entidades. As cooperativas de crédito e de seguros son en primeiro lugar, sociedades cooperativas pero tamén son entidades de crédito e aseguradoras. As cooperativas de crédito son entidades de crédito no sentido do artigo 1º do Real-decreto lexislativo 1298/1986 do 28 de xuño que é unha disposición dunha transcendencia histórica e xurídica fundamental pois é a norma sobre a que se constrúe o novo dereito bancario unificado. Por esta razón, este artigo 1º ofrece unha definición claramente funcional *son entidades de crédito aquelas empresas que teñen como actividade típica e habitual recibir do público fondos en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que leven emparellados a obri-*

<sup>5</sup> A Caixa Rural de Pontevedra.

*gación de restitución e conceder créditos por conta propia.* Atopámonos cun intermediario financeiro de carácter monetario. As cooperativas de seguros son tamén intermediarios financeiros só que son non monetarios, non bancarios. As compañías de seguros captan grandes masas de aforro, son intermediarios porque eses fondos que ingresan teñen unha saída a través dos actos de investimento real.

Tratándose de entidades que intermedian financeiramente estas xeran uns riscos moi importantes para aquelas persoas que depositan os seus fondos nelas. O mesmo sucede coas entidades de seguro. É tal a gravidade social dese risco que o ordenamento xurídico crea dous grandes agregados de normas do dereito bancario e do dereito do seguro privado que son de natureza heteroxénea e teñen unha característica fundamental, o seu sentido teleolóxico. Partindo desta base a regulamentación das sociedades cooperativas presenta varios problemas, entre os que destaca un problema de distinción de competencias estatal e autonómica.

Existen varios títulos competenciais, o artigo 149.6 da Constitución española que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación mercantil; o artigo 149.1.11, atribúelle ó Estado a competencia exclusiva sobre o sistema monetario, divisas e logo as bases de crédito e seguros, e o famoso artigo 149.3 que lles deixa aberta a porta ás comunidades autónomas para que se apropien de competencias exclusivas sobre estas materias o que permitiu que os estatutos de autonomía introducisen cláusulas nas que se establece que a comunidade autónoma retén competencias exclusivas en materia de institucións de crédito cooperativo. O motivo fundamental desta situación é que ó existiren comunidades autónomas había que darlles competencias e as competencias en materia de cooperativas son moi ricas. A ocasión ten que ver con que a Constitución española só menciona as cooperativas no artigo 129 e non no artigo 38 no que se establece a liberdade de empresa, polo que se pode chegar á conclusión de que a liberdade de empresa é materia mercantil e polo tanto competencia estatal pero o outro non é mercantil, por iso está noutro artigo. Na opinión do relator aquí existe unha enorme falacia porque o fenómeno cooperativo é un fenómeno empresarial e a única circunstancia pola que as cooperativas aparecen no artigo 129.2 débese ó feito de que se considera o fenómeno da empresa cooperativa dende a perspectiva da participación dos traballadores, da economía social. Sen embargo, hai un predominio estatal á hora de regular as cooperativas deste tipo porque tanto o artigo 127 coma o 128 da LCG acaban por crear un sistema de relación de fontes no que as normas especiais de dereito bancario e do seguro privado teñen claro predominio sobre as normas da lexislación cooperativa, de xeito que en principio a LCG aplícaselle con carácter subsidiario á lexislación bancaria.

O artigo 127 da LCG é un artigo de certa densidade, en primeiro lugar, hai unha definición das cooperativas de crédito, definición que se basea

no propio concepto legal de cooperativa. Esta cooperativa defínese por unha razón estrictamente funcional, é dicir, pola súa actividade e esa actividade é a de servi-las necesidades financeiras activas e pasivas do seu socio que desenvolve a actividade bancaria (art.127.1 da LCG). Nesa afirmación hai unha aplicación dun trazo tan característico das cooperativas como é o principio de autonomía (o socio da cooperativa é ó mesmo tempo receptor e produtor dos servicios) o que está inxustifico, na súa opinión, é que o socio da cooperativa reciba servicios de carácter pasivo. En segundo lugar, este artigo 127 establece o sistema de prelación de fontes, nese sentido fai unha chamada á lexislación xeral bancaria, normativa que está integrada polos seguintes elementos:

- a) Normas específicas sobre a cooperativa de crédito: a Lei 13/1989 e o RD 84/1993.
- b) Normativa bancaria reguladora do Estatuto das entidades de crédito: a Lei de disciplina e intervención das entidades de crédito de 1988, a Lei de ordenación bancaria de 1947, a Lei de bases de ordenación do crédito e da banca e a Lei de harmonización do dereito bancario español para adaptalo á segunda Directiva da U.E en materia bancaria.

Todas estas normas aplícanse ás cooperativas de crédito porque ademais de seren sociedades cooperativas son entidades de crédito. Subsidiariamente aplicaríase-lle a lei galega e só despois desta se lles aplicaríase a lei estatal de cooperativas, unha lei posterior á galega e que introduciu novidades interesantes.

En terceiro lugar, o artigo 127, trata unha modalidade especial e quizais a máis importante de cooperativa de crédito: as caixas rurais. Defínense como *aquelas cooperativas de crédito que teñen o obxectivo estatutario e operativo preferente de servi-las necesidades financeiras do medio rural*. Chama a atención nesta definición o concepto de obxectivo preferente pois as cooperativas de crédito caracterízanse polo principio de exclusividade de obxecto. O que sucedeu, puntualizou o relator, é que o dereito español optou por unha concepción do sistema bancario denominada banca universal, un sistema no que as entidades de crédito non soamente actúan no mercado bancario senón que actúan tamén no mercado de valores, e por esta vía prodúcese un crecemento desmesurado das operacións bancarias neutras ou de servicios. Isto significa en teoría que unha cooperativa de crédito, neste caso caixa rural, pode integra-la súa actividade pola enumeración dun conxunto de actividades verdadeiramente heteroxéneo, polo tanto poderá utiliza-la denominación de caixa rural cando o seu obxecto estatutario operativo preferente se dirixa ó medio rural.

Respecto ás cooperativas de seguros, o artigo 128 é moito máis breve *son aquelas que exercen a actividade aseguradora en calquera do seu rango, en-*

gadindo que estas cooperativas poden ser a prima fixa ou variable<sup>6</sup>. O relator ó respecto, subliñou unha serie de ideas: as cooperativas aseguradoras teñen por obxecto social cubrir riscos, realizar operacións de seguros. Pero esta lei só menciona dúas alternativas, a prima fixa ou variable que son as cooperativas de consumo e de seguros. A lei galega non considerou a posibilidade da cooperativa de seguros de traballo asociado. Isto supón, ó seu parecer, un problema grave xa que se produciu un verdadeiro ataque por vía legal ó principio de liberdade de empresa que rexe tamén no ámbito asegurador. Estas entidades están sometidas a un réxime xurídico no que a liberdade de empresa está sometida a un forte control. A técnica de control típica destes dous agregados normativos é a técnica autorizatoria<sup>7</sup>. Ninguén pode dedicarse á intermediación de crédito e ó seguro sen obter unha previa autorización administrativa. Esta técnica de control vai sempre complementada con outra técnica importante que é a técnica do rexistro administrativo especial. As cooperativas de crédito e de seguros tamén teñen que ser inscritas nuns rexistros administrativos no Banco de España ou na Dirección Xeral de Seguros que son esencialmente distintos dos rexistros de cooperativas ou do rexistro mercantil porque son rexistros estrictamente administrativos que carecen dos efectos de publicidade legal e a súa finalidade é exclusivamente axudar a crear unha relación estable e continuada na que a Administración pública de control pode desenvolver sobre as entidades de crédito e de seguro uns poderes de supervisión e de vixilancia que extravasa calquera outro sector económico. O grao de intervención pública é, polo tanto, moi intenso.

Finalmente, en canto ós órganos, este tipo de entidades teñen que ter uns órganos tipicamente cooperativos, Asemblea xeral e Consello, no caso das cooperativas de crédito chámase Consello Rector e no caso das cooperativas de seguros Consello de Administración. Pero hai unha diferenza fundamental respecto ó resto das cooperativas sometidas á LCG, nestas últimas, existe un órgano obrigatorio, os interventores, sen embargo tanto nas cooperativas de crédito coma nas cooperativas de seguros, substitúese a figura dos interventores polos auditores de contas porque a Lei de auditoría de contas impón esta obrigación para as entidades de intermediación financeira.

---

<sup>6</sup> O concepto de prima fixa e variable non está na lei galega senón na estatal e que en certa medida confúndese co momento de percepción da prima.

<sup>7</sup> No caso das entidades de crédito a autorización administrativa concédeala o Ministerio de Economía e Facenda a través dun expediente que inicia a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e Económica e no caso das entidades aseguradoras a Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda.



## ■ Xoves, 4 de maio

*Intervención de don Jacobo Izquierdo Alonso, profesor da Universidade de Vigo: «As cooperativas de mar e de explotación dos recursos acuícolas».*

Segundo o profesor Izquierdo Alonso, a xustificación do tratamento legal destas clases de cooperativas fundaméntase expresamente no preámbulo da LCG na entidade e tradición marítima de Galicia. Na dita lei atopámonos con dúas clases de cooperativas relacionadas co mar: as cooperativas do mar, propiamente ditas e as cooperativas de explotación dos recursos acuícolas.

Entre os problemas que ten formulados este sector salientou o relator os da consecución da racionalización das explotacións e a facilitación do acceso das devanditas explotacións ós sectores e á poboación interesada nesta. A nova lei, na súa opinión, debería contribuír á súa resolución, e rendibilizar así socialmente o seu enorme potencial económico.

1. Respecto ás *cooperativas do mar*, o relator destacou as seguintes cuestións:

■ A definición legal do concepto componse de dous elementos: os suxeitos susceptibles de formaren parte da cooperativa e o seu obxecto ou finalidade. a) Respecto dos suxeitos, a lei agrupa os posibles socios en dúas clases, os titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras e profesionais das devanditas actividades. Con referencia a esta fórmula, moi ampliada en opinión do relator, da entrada a unha variada tipoloxía; a titularidade da explotación esixida se é o caso poderá ser posuída por calquera persoa física ou xurídica con título bastante para poder exercitala; os socios pertencentes á categoría de profesionais das actividades que indica o precepto poden selo por conta propia e por conta allea; para o acoutamento legal das actividades a que alude a lei debemos acudir á Lei de pesca de Galicia a á súa normativa de desenvolvemento. b) No tocante ó obxecto, a lei caracterízalas coma unha póla das de servizos cualificada polo ámbito físico das explotacións ou actividades.

■ En relación coas actividades que hai que desenvolver, limítase a dicir que «para o cumprimento do seu obxecto social poderán desenvolver calquera actividade económica e social». A definición das actividades fázase en sede estatutaria.

■ En canto ó dereito de voto, atribúelles ós socios o dereito de voto plural ponderado en proporción ó volume da actividade cooperativizada que desenvolvan coa cooperativa.

■ Polo que se refire ás actividades con terceiros permíteselles ás cooperativas do mar a súa realización, aínda que reenvía neste apartado ó

disposto para as cooperativas agrarias, sendo de destacar aquí, por unha banda, o carácter xenérico da fórmula legal e, por outra parte, que o tope destas actividades será do 50%, do total das actividades realizadas polos socios para cada tipo de actividade en relación a estas operacións, o que sen dúbida tenderá a facilita-la súa viabilidade empresarial.

■ O ámbito de actuación da cooperativa será fixado estatutariamente.

2. Respecto ás *cooperativas de explotación dos recursos acuícolas* destacou os seguintes aspectos:

■ Para a determinación do concepto, a definición legal fundaméntase tamén aquí en dous elementos: determinadas calidades dos socios e o obxecto ou finalidade: respecto ós suxeitos, asociarán os titulares de dereitos de uso e aproveitamento ou posuidores de títulos administrativos habilitantes, así como aqueles que, sen achegar título ou dereito de gozo ningún, van presta-lo seu traballo persoal na cooperativa. No tocante ó obxecto, é a explotación dos recursos acuícolas por medio da xestión dunha empresa.

■ En relación ás actividades que hai que desenvolver, trátase esta materia na LCG con grande amplitude: «calquera actividade dirixida á explotación dos recursos acuícolas e en xeral, cantas sexan propias da actividade ou sexan antecedentes, complemento ou consecuencia directa» das enunciadas no propio precepto.

■ Particular interese espertan as especificacións legais que afectan o Estatuto xurídico dos socios nesta clase de cooperativas e do que o relator destacou as seguintes cuestións: A) A LCG considera dúas clases de socios, os titulares de dereitos ou que deteñan títulos administrativos habilitantes<sup>8</sup> e os que unicamente presten o seu traballo persoal na cooperativa; B) Polo que se refire ó prazo mínimo de permanencia dos socios na cooperativa, a LCG obriga a que os estatutos sociais establezan o devandito prazo para os socios cedentes do uso e aproveitamento de

---

<sup>8</sup> Segundo a Lei de pesca de Galicia de 11 de maio de 1993, os títulos administrativos habilitantes son a concesión, a autorización, o permiso de actividade e o permiso de explotación. Estes títulos habilitantes segundo a Lei de pesca e a normativa de desenvolvemento, poden concretarse nas seguintes modalidades: permisos de explotación de pesca e marisqueo, distinguindo entre o permiso de pesca e marisqueo flotante e o permiso de marisqueo a pé; autorizacións e concesións que implican e explotación dos recursos mariños en réxime de exclusividade nas zonas demaniais marítimas e de dominio público; concesións relativas á acuicultura en zona marítima e aplicables ás instalacións de viveiros; os permisos de actividade requiridos para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre que requirirán unha previa concesión. Como ben apuntou o relator, a problemática destas figuras vén dada pola brevidade dos prazos da súa vixencia e pola precariedade do outorgamento nalgún caso.

bens e dereitos, tratando así de garantir unha mínima estabilidade da sociedade e que poida facilita-la amortización dos investimentos. Como, se é o caso, a disposición estatutaria terá que ser compatible coa vixencia dos títulos habilitantes que se cedan, a propia lei admite a posibilidade de que os titulares de bens e dereitos, poidan cede-lo uso e gozo destes polo prazo máximo de duración do seu título, suposto este que deberá estar previsto nos estatutos. C) Baixa dos socios; os estatutos deben establecer un dereito de tenteo a favor da cooperativa en caso de baixa dun socio cedente de bens e dereitos. Pero a LCG non distingue a posible causa da baixa, nin regula outros baleiros que deberán cubri-los estatutos. D) Dereito de voto; fórmulase para estas cooperativas de xeito claro o principio de que a cada socio lle corresponde un voto.

■ Sobre as actividades con terceiros, no referente á comercialización de produtos procedentes de terceiros non socios, a LCG remite ó disposto para as cooperativas agrarias.

■ En relación ó ámbito, a LCG remite neste apartado ó que dispoñan os estatutos da cooperativa.

■ O réxime económico específico establecido na LCG para estas cooperativas, abrangue as seguintes cuestións:a) os estatutos deberán fixa-la achega obrigatoria mínima; b) os retornos acreditaranse segundo a actividade desenvolta e en proporción ós anticipos laborais ou compensación pola cesión de bens ou dereitos, non se fai así distinción dos excedentes pola súa orixe; c) garánteselles ós socios traballadores unha compensación mínima igual ó 70% das retribucións satisfeitas na zona por igual traballo, e nunca inferior ó salario mínimo interprofesional o que ten unha clara finalidade de protección dos socios traballadores; d) respecto á valoración dos bens inclúense unha serie de normas dirixidas á protección da integridade do capital social. En relación ós bens e dereitos susceptibles de explotación, os estatutos sinalarán o procedemento para a súa valoración, o que vai servir para a determinación dos módulos de participación dos excedentes, ademais, os estatutos poderán regular tamén o réxime de obras e melloras como consecuencia do plano de explotación.

■ O art. 119 apartado 5º da LCG considera a posibilidade de que os estatutos prevean o denominado «pacto de non perturbación», norma que se deberá interpretar de xeito que abraza a prohibición estatutaria de transmitir dereito que, aínda sendo compatibles co aproveitamento ordinario dos bens, resulten impeditivos da explotación no seu conxunto.

■ En relación cos acordos relativos ó réxime de obras e melloras e ó «pacto de non perturbación», o art.119 apartado 5º esixe unha maioría especial. O relator bota en falta neste punto algunha pauta para a determinación dese «50% dos dereitos explotados», parecendo adecuado ó seu parecer que os estatutos conteñan algunha concreción ó respecto.

*Intervención de dona Encarna Davila Millán, profesora de dereito mercantil da Universidade de Vigo: «O asociacionismo cooperativo e as accións da Administración pública no eido cooperativo».*

A profesora Davila Millán tocou o interesante tema do asociacionismo cooperativo, asociacionismo que constitúe unha manifestación do principio de integración cooperativa como movemento cooperativo, organizado xuridicamente, con fins de interese colectivo, defensa e promoción dos seus intereses. A exposición de motivos da LCG resalta como bases da regulación do asociacionismo cooperativo, garanti-la esencia do movemento cooperativo así como axuda-la súa consolidación, respectando en todo caso a autonomía e a liberdade de asociación, coa finalidade de ordenar e potencia-la representatividade das sociedades cooperativas. Para isto, a LCG diseña un asociacionismo cooperativo de estrutura piramidal nunha triple manifestación a través de *unións, federacións e confederacións*. O art. 132 da LCG que regula o asociacionismo cooperativo, reconece unicamente a liberdade de asociación a través destas tres fórmulas.

A conferenciante destacou como principios do movemento asociativo o feito de que se trata de asociacións de interese colectivo, libre e voluntario. A finalidade das asociacións cooperativas queda clara dentro do marco de persoas xurídicas de tipo asociativo, non estamos, lembrou, ante sociedades propiamente ditas, senón asociacións que perseguen un fin común non lucrativo.

Trala introducción ó concepto de asociacionismo cooperativo correspondeulle a vez ó estudio específico das clases de asociación de cooperativas que como xa ficou claro son, as unións, federacións e confederacións.

Respecto das primeiras, están constituídas polo menos por cinco cooperativas da mesma clase, e poden formar parte delas as sociedades cooperativas de segundo grao integradas maioritariamente por cooperativas da mesma clase e tamén sociedades agrarias de transformación. Para a válida constitución da unión, esíxese que estas se constituirán por cooperativas da mesma clase e en número non inferior a cinco, prescindindo da actividade que desenvolvan, de xeito que a súa representación está máis ben dirixida á dos seus asociados dentro do movemento e das institucións cooperativas en tanto agrupan un sector determinado delas. Non se considera na LCG, a unión de unións de cooperativas tal e como se fai na Lei xeral de cooperativas. En canto á súa denominación, a unión de cooperativas para poder incluír na súa denominación unha referencia ó seu ámbito xeográfico, ten que acreditar que asocia directamente ou a través das entidades a ela asociadas polo menos o 25% das cooperativas rexistradas na zona xeográfica correspondente, sendo nalgunhas clases de cooperativas difícil acadar esta proporción.

Con referencia ás federacións cooperativas, a profesora subliñou que con esta figura se pretende unha representación de maior alcance. O art.

133.2 establece os requisitos esixidos para formar unha federación. Este artigo límitase a establece-lo número de unións de cooperativas preciso para constituír unha federación e que o establece en dous, o que equivale a un número mínimo de dez cooperativas. Prohíbese que unha unión de cooperativas poida pertencer a máis dunha federación das rexidas pola LCG. Para poder incluír na súa denominación un determinado ámbito xeográfico, ten que acreditar que asocian directamente ou a través das entidades a elas asociadas polo menos o 25% das cooperativas rexistradas na zona xeográfica correspondente.

Con referencia ás confederacións, estas aparecen definidas no nº 4 do artigo 133 da LCG como as constituídas por dúas ou máis federacións de cooperativas. O ámbito da confederación é o do territorio da Comunidade Autónoma.

O réxime xurídico das unións, federacións e confederacións presenta unha serie de normas comúns. Respecto ás súas funcións, correspóndelle: reprensar aos membros, organizar, facilitar e financiar servizos de asesoramento, de verificación de contas e de asistencia xurídica e técnica, fomenta-la promoción e a formación cooperativa e realizar mediacións e conciliacións.

Por outro lado, para adquirirla personalidade xurídica deberase depositar por medio dos seus promotores no Rexistro de Cooperativas Central de Galicia a escritura pública de constitución que contén como mínimo a relación das entidades promotoras, o certificado de acordo de asociación do órgano de administración de cada unha delas, a composición dos órganos de administración e goberno da entidade, o certificado da sección central do rexistro de cooperativas, os estatutos sociais, a denominación, o domicilio e ámbito territorial e funcional de actuación da entidade, os órganos sociais, os requisitos e procedementos para adquirir e perder a condición de asociado, así como o réxime de modificación dos estatutos e de fusión e disolución da entidade, o réxime económico da entidade e a regulamentación do dereito de voto. Neste apartado apunta a conferenciante que non se menciona o dereito de información dos asociados entendéndose como suficiente unha remisión á regulación contida no artigo 23 da lei.

A continuación referíuse ó Consello Galego de Cooperativas que vén cubrir unha lagoa existente nas relacións entre as propias cooperativas e, entre estas coas administracións públicas. Será o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo da Comunidade Autónoma. Atribúenselle funcións de carácter consultivo e asesor das administracións públicas nesta materia. Para o exercicio das funcións que se lle encomendan por lei, garánteselle plena capacidade de obrar. Estamos ante un órgano xurídico colexiado, de carácter consultivo e asesor das administracións públicas galegas para tódolos temas que afecten o cooperativismo,

a través do cal se fomenta a participación na actividade económica e social das cooperativas. Constitúe un elemento de solidariedade intercooperativa e a súa misión será a de promoción e difusión do cooperativismo. A LCG regula este órgano no capítulo 2º do título IV, artigos 135 e 136. A enumeración de tódalas súas competencias aparece no artigo 135.2 da LCG. Estará integrado maioritariamente polas entidades representativas das cooperativas, e ademais, por representantes da Xunta de Galicia, dos concellos e universidades de Galicia. O número respectivo de representantes determinarase regulamentariamente. O seu presidente será o conselleiro en materia de traballo. Igualmente, a súa estrutura, composición e funcións dos órganos do consello, o sistema de elección e as atribucións, determinarase regulamentariamente.

Xa para rematar, a profesora Davila Millán falou das accións da Administración pública no ámbito cooperativo, onde rexe como principio xeral que «a Xunta de Galicia reconece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, así como das súas estruturas de integración económica e representativa». Neste sentido realizará unha política de fomento do movemento cooperativo. A dita actuación levarase a cabo a través da Consellería de Traballo. Corresponderalle tamén a esta Consellería a función de inspección en relación co cumprimento da Lei de cooperativas. Esta inspección realizarase a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social con carácter preventivo. A lei tamén prevé a intervención temporal das cooperativas cando concorran circunstancias que poñan en perigo os intereses dos socios ou de terceiros. A lei tamén prevé medidas de fomento coma as que aparecen recollidas no artigo 142:

- Terán a condición de comerciantes por xunto, polo que lles aplicarán os prezos e tarifas correspondentes.
- Non terán a consideración de vendas, as entregas de bens e prestacións de servizos que lles realicen as cooperativas ós seus socios.
- As cooperativas que concentren as súas empresas mediante calquera das figuras xurídicas recoñecidas legalmente, aplicaráselle-la lexislación sobre agrupación e concentración de empresas.
- Terán preferencia nos casos de empate nos concursos e poxas que participen convocados polas administracións públicas galegas para a realización de obras, servizos e abastecementos.
- A Xunta de Galicia poderá cualificar como entidades non lucrativas, as cooperativas que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos, acrediten a súa función social.
- A Consellería de Economía e Facenda poderá adoptar as medidas oportunas para que os títulos e valores emitidos por sociedades cooperativas a fin de atender-lo seu obxecto social, sexan cualificados

como aptos para os efectos de cubri-lo coeficiente de investimento obrigatorio das caixas de aforro, de acordo coas disposicións que lles sexan aplicables.

## Clausura das xornadas

A clausura das xornadas correu a cargo de Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, quen despois de agradecerlles a tódolos relatores destas xornadas a súa participación, apuntou a necesidade de continuar profundando no estudio do fenómeno cooperativo galego. Nun proceso de globalización, no que as barreiras ós intercambios comerciais se disolven e a concorrencia aumenta, as sociedades cooperativas preséntanse como a forma máis axeitada para introducir modificacións nas estruturas das empresas galegas e poder así enfrontarene ás cambiantes condicións dos mercados nunha posición competitiva. Neste sentido, o réxime xurídico que instaura a Lei de cooperativas de Galicia está sendo determinante nos horizontes de desenvolvemento do cooperativismo na nosa Comunidade Autónoma. As sociedades cooperativas están demostrando a súa gran potencialidade e, polo tanto, dende a lei invítase ó asociacionismo. 